

Que tal foi o traballo a semana pasada? Para esta temos dous traballos, que non podemos deixarnos ir, vale? Xa que estamos en casa imos aproveitar todo ese tempo libre para aprender algunhas cousas!

Para o luns 20/04/2020 tedes un traballo sobre o aparello circulatorio. Trátase de debuxar e nomear nunha silueta as principais partes, substancias e procesos deste aparello.

Para o mércores 22/04/2020 tedes un traballo sobre o aparello excretor. Trátase de debuxar e nomear nunha silueta as principais partes, substancias e procesos deste aparello.

Veña, a poñerse as pilas e traballar un pouco, que pronto nos veremos e quero botarlle unha ollada ao que fixestes!

Nome: _____

Traballo: “Aparello circulatorio”

Imos seguir coa silueta humana con varias capas. En cada unha das capas soamente tes que debuxar as partes principais dun aparello corporal e nomear as súas partes máis importantes.

- 1) Fai outra copia da silueta e debuxa nela as partes, os órganos e condutos máis importantes do aparello circulatorio e escribe o seu nome na parte branca de fóra da silueta. Repasa o libro dixital para non deixar ningún atrás!

Faino o máis limpo e claro posible e coloreas os debuxos. Pensa que, ademais do traballo de debuxo, o realmente importante é que crees unha imaxe clara destes aparellos.

Cando remates isto inda queda unha cousa máis: os procesos! É dicir, debes debuxar as frechas e poñer os nomes necesarios para que se entenda, vendo o debuxo, como traballa ese aparello e que substancias viaxan de onde a onde, cales entran, cales saen, por onde...

Podes ver estes vídeos primeiro:

<https://www.youtube.com/watch?v=nsSg4Eq3LEo>

https://www.youtube.com/watch?v=Cn_GQcfS9-Q

Nome: _____

Traballo: “Aparello excretor”

Imos seguir coa silueta humana con varias capas. En cada unha das capas soamente tes que debuxar as partes principais dun aparello corporal e nomear as súas partes máis importantes.

- 1) Fai outra copia da silueta e debuxa nela as partes, os órganos e condutos máis importantes do aparello excretor e escribe o seu nome na parte branca de fóra da silueta. Repasa o libro dixital para non deixar ningún atrás!

Faino o máis limpo e claro posible e coloreas os debuxos. Pensa que, ademais do traballo de debuxo, o realmente importante é que crees unha imaxe clara destes aparellos.

Cando remates isto inda queda unha cousa máis: os procesos! É dicir, debes debuxar as frechas e poñer os nomes necesarios para que se entenda, vendo o debuxo, como traballa ese aparello e que substancias viaxan de onde a onde, cales entran, cales saen, por onde...

Podes ver estes vídeos primeiro:

<https://www.youtube.com/watch?v=KlkoHs3odX8>

<https://www.youtube.com/watch?v=IHsfVmGeet8>